

1 Vantaxes

RSS (*Really Simple Syndication*) é unha tecnoloxía baseada en XML para syndicar ou compartir contido na web. Utilízase para difundir información que se vai actualizar frecuentemente. Os usuarios interesados nesta información teñen que subscribirse á **fonte de contidos**.

RSS é parte da familia dos formatos XML, desenvolvido especificamente para todo tipo de sitios que se actualicen con frecuencia e por medio do cal se pode compartir a información e usala noutros sitios web ou programas. A isto coñéceselle como **redifusión web** ou **sindicación web** (unha tradución incorrecta, pero de uso moi común).

Esta tecnoloxía posibilita que un visitante teña unha previsualización rápida dos contidos do noso sitio web. Por tanto, é un xeito de atraer a potenciais usuarios á nosa web, sobre todo se o contido cambia con frecuencia. Teremos que subscribirnos ao que se chama a **fonte RSS** ou *RSS feed* do sitio web para recibir actualizacións cando mude o contido de xeito automático. Se non usáramos RSS teríamos que comprobar o sitio web diariamente para ver se este cambia ou non, o cal pode consumir moito tempo.

Ao estar baseado en XML, os ficheiros RSS ou feeds transfírense rapidamente e poden ser usados facilmente en dispositivos móbiles ou PDA. Os sitios web con información similar poden tamén compartir os seus datos para facelos máis interesantes e útiles.

Para ler unha fonte RSS utilízase un **lector RSS** ou agregador RSS que permite tamén organizar os nosos feeds ou fontes. Cada vez que se queira obter as últimas novas dun sitio web accederemos mediante un lector de RSS a unha fonte RSS.

A continuación móstrase un ficheiro RSS de exemplo:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>
<rss version="2.0">

<channel>
  <title>O meu sitio web</title>
  <link>http://www.meusitio..com</link>
  <description>Novas sobre informática</description>
  <item>
    <title>VLC para Android</title>
    <link>http://www.meusitio.com/android</link>
    <description>Liberarase pronto unha versión de VLC para Android</description>
  </item>
  <item>
    <title>Nova versión de Firefox</title>
    <link>http://www.meusitio.com/firefox</link>
    <description>Acaba de publicarse unha nova versión de Firefox</description>
  </item>
</channel>
</rss>
```

As vantaxes de usar os feeds ou contidos doutra xente é obvia, pero cales son as vantaxes de crear os nosos feeds para compartir co resto? Polo menos temos seis razóns para facelo:

1. Incrementamos o tráfico ao noso sitio web.
2. Crea unha imaxe de marca para o noso sitio.
3. Pode axudarnos a incrementar o ranking nos buscadores.
4. Permítenos crear relacións consolidadas con outros sitios da mesma comunidade.
5. Mellora a calidade da relación usuario-sitio web.
6. Con tecnoloxías adicionais permite dar características extras, tales como servizo de actualizacións con mensaxes instantáneos, por exemplo.